

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Intervención do Presidente da Xunta

MEDALLA DE GALICIA CEFERINO DÍAZ

Pazo do Hórreo, 11 de novembro de 2013

Autoridades;
Amigas e amigos:

Houbo un tempo no que a política soamente parecía deparar sinsabores. Era un momento no que semellaba imposible abrir paso á democracia con normalidade, ou no que podería considerarse unha utopía alcanzar os niveis de autogoberno soñados polos nosos devanceiros. Por suposto que tampouco había distincións que repartir, como a que hoxe entregamos.

É aí cando Ceferino Díaz inicia a súa andaina no Partido Socialista Obrero Español, para seguir un camiño que unicamente abandonaría coa morte.

Como a moitas outras mulleres e homes naquela época, tamén a el lle tería resultado máis doado escoller un camiño profesional que ofrecera maiores certezas, en lugar dunha aventura política de rumbo completamente descoñecido.

Pero aquel mozo de Escairón preferiu distanciarse do escepticismo que marcaba a moitos dos seus contemporáneos. Implicouse na vida pública, sen reparar para nada en se ía ser ou non gratificante.

Por sorte para el, pero sobre todo para todos nós, aqueles anos tiveron a recompensa de ser hoxe o que somos. Unha Galicia libre e autónoma que contribúe a facer a España máis rica en matices.

¿Como se logrou o que parecía imposible? ¿Como se conseguiu mesmo que a realidade superara a ficción imaxinaria décadas atrás? Ollando a biografía de Ceferino, podemos dicir que unha das razóns fundamentais é que galegos coma el, fora cal fora a súa ideoloxía política, nunca se afastaron do sentimento maioritario da nosa xente.

Porque é certo que ninguén tivo que reinventar Galicia. Galicia seguía viva no pobo; as súas manifestacións eran aloumiñadas pola xente sinxela que sempre soubo que non podía perder unha parte tan importante do seu ser. Pero faltaba quen recollera ese tesouro para coidalo, para engrandecelo, para darlle voz en todos os órganos de representación e para transmitirlo ás xeracións futuras. Aí estivo Ceferino, e por fortuna nunca en soidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Velaí a outra resposta importante que tamén explica o éxito político deste home intenso, prolífico, protagonista case sempre en segundo plano de acontecementos cruciais da historia recente de Galicia, ao que hoxe lle entregamos –como nos propuxera o hoxe ex secretario xeral do PSdeG, Manuel Vázquez- a máxima distinción do seu pobo. Refírome a que o seu compromiso, malia ser extraordinario, non é excepcional.

Por iso, penso que a mellor loubanza que de Ceferino Díaz se pode facer, e a que a el seguramente máis lle gustaría, é que forma parte dun amplo grupo de políticos que honran á política. Non importa as siglas que representen. É secundaria a ideoloxía que defendan. Refírome aos políticos que, dende distintos partidos, entenden a política do mesmo xeito: como unha ferramenta para recuperar os mellores valores da nosa sociedade.

Claro que eu non lles falo como o familiar que non son, nin tampouco en calidade de compañeiro de partido como aos que vexo presentes neste acto. Fálolles como o político que mira con admiración a entrega, a xenerosidade e a responsabilidade coa que este lugués de O Saviñao exerceu neste Parlamento de Galicia, e defendeu Galicia en España. E fálolles tamén como o presidente da Xunta que, ante os grandes retos que temos os gobernantes deste momento, desexa ter moitos Ceferinos Díaz ao seu carón.

A súa é unha traxectoria merecente de ser un modelo para todos nós porque o sentido común, o compromiso con Galicia e con España e a capacidade para establecer unha orde de prioridades axeitado, se impuxeron sempre sobre calquera outra consideración.

Por todo iso, se é unha gran verdade que temos que lamentar a perda –demasiado pronta– dun home tan valioso na política galega e nacional, tamén o é que temos que felicitarmonos por ter podido contar con el e aprender tanto do seu exemplo.

Comprendo que este exercicio non sempre é fácil, especialmente cando –como neste caso-- a ausencia está recente. Pero sempre pensei que esa é unha forma de pensar moi útil, e de feito así o puidemos comprobar nunha circunstancia tan difícil como a que nos fixo postergar ata hoxe esta entrega da Medalla de Galicia.

A todos os galegos séguenos doendo o que pasou en Angrois o pasado 24 de xullo, pero do mesmo xeito tampouco esquecemos o que fixemos.

O accidente de tren propiciou que désemos un dos exemplos máis conmovedores da nosa capacidade de unión ante a adversidade, da vontade da nosa terra para tentar sobrepoñerse a calquera problema, por moi atroz que sexa, de forma tan unánime como eficaz.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Esa lección tivo como protagonista a toda Galicia. Aos veciños de Angrois, ás forzas e corpos de seguridade, aos profesionais sanitarios e a milleiros de galegas e galegos anónimos que estiveron á altura das circunstancias.

En momentos coma ese, pero tamén no día a día, os políticos estamos obrigados a estar á altura desa Galicia. Creo sinceramente que Ceferino Díaz o estivo e que o seu testemuño debémolo recoller todas as forzas políticas con representación neste Pazo do Hórreo no que tantas veces o podemos oír debater, conversar, aportar, ilusionar, convencer e pactar.

Unha desas ocasións tivo lugar non hai moito tempo. Reunímonos aquí con motivo do 30 aniversario deste Parlamento de Galicia, ao que el acudía como ex deputado. Con esa atinada perspectiva que dá case sempre o paso do tempo, Ceferino era moi consciente do valor do que se tiña conseguido nesas tres últimas décadas.

Tanto que acudiu aquí coa pulseira hospitalaria para non perderse un acto no que quería poñer de manifesto, non só a importancia de ter conseguido construír o noso autogoberno, senón tamén a actitude que fixo iso posible.

Ceferino Díaz dixo aquel día que *"entre todos, deputados sen experiencia, persoal da Cámara sen experiencia e cronistas sen experiencia se construíu o Parlamento"*. E engadiu: *"ao principio parecía que non cabiamos todos, e ao final sí que cabiamos"*.

Que esas palabras resoen hoxe neste Parlamento e nos ilustren sempre na vida pública galega.

Moitas grazas.